

CONVENIO DE COLABORACION EMPRESARIAL EN ACTIVIDADES DE INTERES GENERAL (ART. 25 DE LA LEY 49/2002, DE 23 DE DICIEMBRE, DE RÉGIMEN FISCAL DE LAS ENTIDADES SIN FINES LUCRATIVOS Y DE LOS INCENTIVOS FISCALES AL MECENAZGO) ENTRE VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U E A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Santiago de Compostela, a 14 de marzo de 2017

Dunha parte a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G-15721640. Constituída o día 27 de decembro de 1999, ante o notario do Ilustre Colexio de Coruña don , con número de Protocolo . A Fundación está inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 73.

Está representada neste acto por Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 16 de decembro de 2016, poder escriturado ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia don , con número de Protocolo .

E doutra parte, **VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U**, con domicilio social en , e provista do Número de Identificación Fiscal , e inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago de Compostela, Folio , Tomo , Folla , inscrición .

Está representada neste acto por D., con DNI , quen actúa mediante facultades de representación conforme a escritura de outorgamento de poderes, formalizada ante o Notario do Ilustre Colexio de , Don , de data co seu número de protocolo .

As partes, segundo interveñen, se recoñecen, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e a representación suficiente para formalizar o presente convenio de Colaboración (o “**Convenio**”), e ao efecto

EXPONEN

I.- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública outorgada ante o Notario de , co número do seu protocolo, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

II.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten por obxecto creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición y consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.

O desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola fundación, ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

III.- Que en cumprimento dos seus fins fundacionais, a Fundación promove actividades culturais que, entre outros fins, procuran o fomento da conservación e defensa do medio ambiente, e como tal, realza actividades de concienciación no consumo solidario e sustentable dos recursos enerxéticos.

Neste sentido, a Fundación ten previsto para o 2016, a realización das seguintes actividades relacionadas co medioambiente;

1.- Exposición sobre mobiliario galego **DA ÁRBORE Á CADEIRA** que permanecerá aberta ao público entre o 7 de abril ao 5 de novembro de 2017 no Museo Centro Gaiás. O proxecto expositivo sobre o mobiliario contemporáneo galego e a relación co bosque autóctono e a madeira, a través da industria da transformación, contará coa exhibición dunhas 50 pezas de mobiliario, con predominio de cadeiras, xunto a planimetrías, fotografías e outros materiais expositivos, realizadas por destacados arquitectos e deseñadores galegos que introducen a modernidade en Galicia a mediados do século XX (Alejandro de la Sota, José Bar Boo, Isaac Díaz Pardo...); xunto a estes pioneiros se amosarán pezas de sucesivas xeracións de arquitectos e deseñadores posteriores, que renovando e asumindo as novas tendencias, proporcionan un mobiliario propio, concibido e deseñado en Galicia, tanto adaptado a espazos concretos, domésticos e públicos, como outros flexibles e utilizables en calquera ambiente. Asemade o bosque galego vai ter unha destacada presenza na mostra a través de recursos audiovisuais, fotográficos, informáticos, etc., e establécese un complemento ao discurso a través dunha mirada artística que se concretará na selección de obras realizadas por artistas galegos ou que traballen en Galicia con visións do bosque e a árbore en sintonía co discurso expositivo. As alianzas cos sectores produtivos galegos da madeira, e coas institucións públicas que teñen competencia sobre o bosque e os procesos de transformación madeireira, formarán parte do discurso e do proxecto expositivo.

2.- **CELEBRANDO A NATUREZA**; o sábado día 25 de marzo de 2017, os espazos recreativos que forman parte da contorna natural da Cidade da Cultura de Galicia, acollerán un programa de actividades de balde, de corte lúdico, participativo e familiar para celebrar o Día mundial da Auga e o Día Internacional dos Bosques (ambas celebracións conmemórase cada ano o 21 de marzo). Este conxunto de accións, dirixidas a convocar un gran aforo, marcarán o comezo dos actos de celebración do V aniversario do Museo Centro Gaiás concentrándose nunha xornada que servirá para celebrar o arranque da primavera, promover o coñecemento e disfrute dos novos espazos verdes do Gaiás e fomentar a conciencia ecolóxica, a sostibilidade, a vida activa e o coidado do medio ambiente.

Ambas actividades afondan na importancia do medio natural (especialmente da árbore) para a vida humana así como a súa necesidade de protección e posta en marcha de políticas de promoción da súa defensa.

III.- Que **VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. (en adiante, VIAQUA)** é unha empresa do sector do medio ambiente que xestiona todos os procesos relacionados co ciclo integral da auga e cuxo modelo se basea na constante innovación tecnolóxica e na adecuada xestión do coñecemento, así como no uso sustentable de todos os recursos dispoñibles.

IV.- Que **VIAQUA**, mantén e desenvolve unha importante actividade económica na Comunidade Autónoma de Galicia a través dos seus distintos centros nela situados, e recoñece a importancia da difusión da industria da madeira e a súa sostibilidade, e a tal fin desexa colaborar na súa realización, promoción e difusión, mediante unha achega económica, en consonancia coa súa política social corporativa, de forma altruísta, e sen contraprestación ningunha da cantidade que se referencia posteriormente na cláusulas do presente convenio.

Que, en virtude das consideracións anteriores, ambas as dúas partes acordan a firma do presente acordo, de acordo coas cláusulas seguintes;

CLAUSULAS

Primeira. - Obxecto. Contido e alcance

O presente Convenio ten por obxecto regular os termos e condicións da colaboración de ambas entidades, prestando apoio ás ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DE “DA ÁRBORE Á CADEIRA” E “CELEBRANDO A NATUREZA” pola Fundación ao longo do ano 2017, e en concreto;

- 1.- Colaboración con carácter non exclusivo no desenvolvemento das actividades a realizar con motivo da Exposición DA ÁRBORE Á CADEIRA.
- 2.- Colaboración con carácter non exclusivo no desenvolvemento das actividades a realizar con motivo do Día Internacional dos Bosques, CELEBRANDO A NATUREZA.

Co fin de alcanzar o devandito obxecto, VIAQUA asume o compromiso de efectuar a achega económica que se indica na cláusula terceira seguinte para a promoción, divulgación, apoio e mecenado as ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DE “DA ÁRBORE Á CADEIRA” E “CELEBRANDO A NATUREZA” .

Pola súa banda, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, se compromete a:

- a) aplicar a achega económica ás actividades e nos termos recollidos nos parágrafos anteriores.
- b) difundir e facer constar, de forma visible, a colaboración prestada por VIAQUA nas comunicacións ou publicacións en que difunda información relativa ás actividades desenvolvidas coa colaboración de VIAQUA, todo iso, nos termos que se indican na cláusula cuarta seguinte.

Segunda. - Duración

O presente Convenio terá unha duración ata o 31 de decembro de 2017 estando expresamente prohibidas as prórrogas expresas ou tácitas.

Terceira. - Aportación económica

A empresa VIAQUA comprométese a entregar a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA unha achega económica en metálico con carácter de doazón de **10.000,00 euros**

(DEZ MIL EUROS), nun só prazo, a ingresar no prazo de 1 (un) mes dende a sinatura do convenio, e en todo caso, dentro do período de vixencia do convenio, na conta número da entidade, titularidade da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Unha vez recibida a referida achega económica, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA expedirá a favor de VIAQUA unha certificación acreditativa da achega realizada, nos termos do establecido na Lei 49/2002, de 23 de decembro, do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado e do seu Regulamento de desenvolvemento.

Cuarta.- Difusión da participación do colaborador

En tanto dure o presente convenio de colaboración, a difusión da participación de VIAQUA nas actividades da CIDADE DA CULTURA DE GALICIA levarase a cabo nos seguintes termos:

- A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a difundir a participación e colaboración de VIAQUA mediante a inserción da súa marca, denominación social ou logos en cantos rótulos, impresos, catálogos, selos, propaganda e en calquera outra información que se publique ou edite en relación coas actividades desenvolvidas coa colaboración de VIAQUA. A estes efectos, VIAQUA facilitará á FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA o modelo de marca ou logotipo que deba ser difundido e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA axustarase en todo caso e calquera que sexa o material que no que se insira, o deseño facilitado por VIAQUA.

- A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a que sexa mencionada a colaboración do Colaborador en todos os actos de difusión referidos á actividade.

- VIAQUA poderá facer pública a súa participación nas actividades de FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, baixo a denominación de Entidade Colaboradora de FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

En todo caso, a difusión da participación de VIAQUA no desenvolvemento das actividades da FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA citadas na cláusula primeira, realizarase segundo a dispoñibilidade de cada unha das partes.

Queda expresamente excluída deste convenio a publicidade, ou a difusión de calquera produto ou servizo que poida prestar o Colaborador.

Quinta.- Propiedade intelectual

En ningún caso as cláusulas do presente convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereitos de propiedade intelectual ou industrial titularidade de VIAQUA.

O uso non autorizado, ou para un fin distinto ao pactado no presente convenio por parte da FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade intelectual ou industrial ou intelectual de VIAQUA, facultará a esta para instar a resolución do presente Convenio, en cuxo caso, a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a restituír a VIAQUA o importe das achegas realizadas e, todo iso, sen prexuízo da correspondente indemnización de danos e prexuízos a que houber lugar.

Sexta. - Causas de resolución

O presente Convenio poderá resolverse por calquera das seguintes causas:

- Por mutuo acordo das partes. As cantidades que haxan de satisfacerse no seu caso, serán as que as partes conxuntamente determinen no acordo de resolución.
- Por incumprimento das obrigas das partes. Cando o Convenio se resolva por causas imputables a calquera das partes, a parte incumplidora deberá de reparar os danos e prexuízos que por tal motivo tiver causado á outra parte.
- Por denuncia das partes poñéndoo en coñecemento da outra, polo menos cun (1) mes de anticipación á data en que desexase deixalo sen efecto.

En todo caso, haberán de ser finalizadas as accións que no seu momento se achen en curso ou estea comprometida a súa realización.

Sétima. - Protección de datos de carácter persoal

A empresa VIAQUA garante que o tratamento de datos persoais xerados ou obtidos con motivo da sinatura deste convenio a través de las funcionalidades das que sexa titular, cumpren o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. A Fundación queda exonerada de calquera incumprimento do disposto na citada Lei e normativa de desenvolvemento da mesma, por parte de VIAQUA no exercicio das súas actividades.

Así mesmo, se informa que co fin de dar cumprimento ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais que se faciliten en virtude do presente acordo, quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da FUNDACIÓN, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a FUNDACIÓN, como responsable do ficheiro, solicitándoo por escrito á Fundación Cidade da Cultura de Galicia ao enderezo Gaiás- Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC terceiro andar (Monte Gaiás), 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

Oitava. - Tributos

Na execución do contido do presente convenio, cada parte soportará os tributos que se poidan percibir e sexan do seu cargo segundo a Lei.

Novena. – Natureza

O presente acordo ten a natureza prevista no artigo 25 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, e que, en ningún caso, debe considerarse que persegue os fins dos contratos de patrocinio publicitario recollidos no artigo 22 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, Xeneral de Publicidade.

Para todos os efectos, a difusión da participación do Colaborador na actividade da Fundación non constituirá unha prestación de servizos.

Décima.- Xurisdición e competencia

VIAQUA e a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA comprométese a buscar a resolución de calquera conflito ou incidencia que puidese xurdir na interpretación ou execución do presente convenio de xeito amigable.

En caso de que non puidese ser resolto como antecede, o presente Convenio someterase á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela.

Undécima. - Notificacións

Todas as notificacións, requirimentos, peticións e outras comunicacións que haxan de efectuarse polas partes en relación co presente Convenio, deberán realizarse por escrito e será dirixida por calquera medio admitido en dereito que permita ter constancia da súa data, da súa recepción e do seu contido, ben por correo electrónico ou ben por correo postal ao domicilio da outra parte, considerándose entregada tres días despois do envío sempre que o remitente teña no seu poder o xustificante de envío.

E en proba de conformidade, asíñase e rubrica o presente Convenio, por duplicado, e para un só efecto, no lugar e data do encabezamento.

Pola Fundación Cidade da Cultura**Por Viaqua Gestión Integral De Aguas
De Galicia, S.A.U**

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

ANEXO I.- CERTIFICADO DE PAGO RELATIVO A CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
_____ E FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

D/D^a _____, provista de DNI _____, na súa condición de _____ da FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA, con domicilio social na Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Edificio CINC, terceiro andar, Monte Gaiás s/n, código postal 15707 e provisto de Número de Identificación Fiscal (N.I.F.) G-15721640, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación en data _____.

Certifico

1º) Que esta Fundación foi constituída con data do día 27 de decembro de 1999 e declarada de interese cultural por Orden da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia de 11 de xaneiro de 2000, quedando adscrita ao Protectorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e que se atopa incluída entre as reguladas no artigo 16 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado .

2º) Que para axudar ao cumprimento dos fins estatutarios desta Fundación, a empresa _____, con CIF _____ e domiciliada na Rúa _____ (CP _____) de _____ (_____), abonou á FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA a cantidade de _____ EUROS [_____ euros] mediante transferencia bancaria realizada o día _____.

3º) Que esta Fundación aplicará a aportación económica á actividade “actividades de promoción de “Da Árbore á Cadeira” e “Celebrando a Natureza” ”.

4º) Que dita cantidade foi entregada con carácter irrevocable e en concepto de Convenio de Colaboración empresarial, ao que se refire o artigo 25 da Lei 49/2002, de 23 de decembro.

Todo o cal certifico aos efectos previstos no Título III da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado.

En Santiago de Compostela, _____,

A _____ da Fundación Cidade da Cultura de Galicia
